

Antonio Tizón ■ Escritor, vén de publicar a novel 'Lobos doentes'

“Cando se di que un asasino é un louco estase estigmatizando os enfermos mentais”


“Búscase esta explicación porque non lle cabe na cabeza que a xente sexa tan cruel”

JOSÉ MANUEL GUTIÉRREZ
A CORUÑA

O poema de Rosalía de Castro *A xustiza pola man* serviulle a Antonio Tizón de inspiración para escribir o cuarto libro da serie negra que comezou en 2015. A “loba doente” da que fala Rosalía convértese aquí nos *Lobos doentes*, aos que Tizón recorre para abordar a vinganza. A obra será presentada o 11 de marzo na adega Algueira, na Ribeira Sacra, nun xantar aberto aos interesados no que Eugenia Sanmartín cantará o poema de Rosalía e no que falarán Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro; o académico e escritor Xosé Luis Axeitos; o director de Radio Fene, Henrique Sanfiz; e o propietario da adega, Fernando González. Para asistir é preciso inscribirse no teléfono 722 11 89 25 antes do 1 de marzo.

Lobos doentes é a cuarta novela da serie que iniciou en 2015. Tiña xa pensado daquela o argumento de cada unha das obras do que será unha pentaxía?

Cando presentei o proxecto a Xerais xa tiña pensado que ían ser varias novelas, pero non exactamente cinco. Non me deu tempo a explicar na primeira, *A antesala luminosa*, todo o que quería, polo que, aínda que non tiña unha trama concreta, si os temas que ía tratar nas seguintes. Malia que son



Antonio Tizón, no miradoiro do xardín de San Carlos, escenario dun crime na súa novela. // Víctor Echave

historias independentes, están relacionadas e teñen unha temática común que é a enfermidade mental, a loucura. E ademais en clave do xénero negro, que iso é o orixinal. Tamén hai outras de tipo existencial como o amor, a morte e a soidade, e outras sociais como a corrupción, os atentados ambientais ou a especulación urbanística. Pero sempre como elemento catalizador a loucura, á que eu prefiro chamarlle enfermidade mental pa-

FICHA PERSONAL

■ Antonio Tizón (Aranga, 1960) iniciou no 2015 a serie de novelas negras que se desenvolven na Coruña e nas que tamén se abordan as doenzas mentais

ra quitarlle a aura de romanticismo que ten a loucura.

Que aspecto da enfermidade mental aborda nesta novela?

Profundo noutros aspectos anteriores como a confusión que existe tan a miúdo entre a loucura e a maldade ou a perversidade. Sempre que se comete un acto violento se di que esa persoa está louca, como os asasinos, violadores, pederastas... Así estamos estigmatizando os enfermos mentais, porque a loucura case nunca ten nada que ver coa enfermidade mental. Hai enfermos mentais bondadosos e malvados e esa confusión tan habi-

tual abórdase nesta novela, na que tamén se trata o posible carácter patolóxico de determinadas tendencias sexuais como a pedofilia e a pederastia, ademais do sadomasoquismo.

Por que se di das persoas malvadas que están tolas? É por que non se atopa outra explicación?

Claro, como non lles cabe na cabeza que a xente sexa tan cruel ou violenta, intentan buscar unha explicación e din que están tolos. Mesmo hai xente que dubida de que exista a maldade, cando non hai máis que botarlle unha ollada a historia para ver que si existe. Tampouco se pode considerar un enfermo mental ao parricida que matou o fillo para vingarse da nai, senón que é unha persoa psicótica, xa que estivo planificando o crime meses e meses. Por iso condenárono á cárcere e non ao manicomio, xa que no xuízo demostrouse que non está louco. Cando empecei a serie de novelas no 2015 non era tan normal falar das enfermidades mentais, aínda que trala pandemia parece que é máis normal, pero das leves como a ansiedade ou a depresión leve.

As súas novelas desenvólvense habitualmente na Coruña. Nesta hai outros escenarios?

Os meus escenarios son reais sempre e mesmo con personaxes reais ademais dos ficticios. En *Lobos doentes* aparece Rodríguez Zapatero, que fuma coma un carreteiro, e Francisco Vázquez. Os lugares son sempre reais e chamados polo seu nome, e nesta ocasión a ambientación especial está na Cidade Vella, o xardín de San Carlos, os hoteis Finisterre e Meliá e o barrio dos Castros, ademais dun lugar ficticio que aparece en todas as miñas novelas chamado San Epitafio, que en realidade é a miña aldea.